

A terceira ruína da obra de Rosalía de Castro denominada 'Ruínas' (4)

Xosé Otero Canto, 22 de maio de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.39504.php>

A terceira ruína da obra "Ruínas" de Rosalía de Castro está representada por un fidalgo ao estilo da fidalguía castelá e da Mancha, que tanto nos fixo lembrar a Quevedo no "Buscón" e ao "Lazarillo de Tormes", coa diferenza de que estes fidalgos están narrados en primeira persoa e en Rosalía de Castro aparece tratado en terceira persoa, como ocorre na maior parte da novelística, incluído o Quixote. Fidalgo novo, delgado, louro e "de nariz acaballada como el hidalgo de la Mancha", dinos Rosalía de Castro, que a ben seguro que denantes de poñerse a esta obra tiña xa lido estes tres libros segundo se vai observando na progresión continuada do argumento porque obedece ás mesmas características de todos os fidalgos, coa aclaración de que este é un fidalgo galego co apelido, nada máis e nada menos, que de Montenegro, aristocracia e fidalguía ben coñecidas na nosa Galiza, que vive, sobrevive e malvive como un cabaleiro do século XVII ao que sacásemos da súa tumba e que xunto a súa mai, xa ben vella, habitan unha pendella ao lado do río, mais deberían ser herdeiros da casa patrucial inxustamente arrebatada por uns familiares e que o pobre Montenegro quere recuperar e por iso estuda leis pola súa conta, dedicando o tempo a este mester e máis a pasear polas rúas do pobo e tamén a andar á busca de garridas damas, pero na súa pobreza e extrema delgadeza procuraba sempre a apostura e galantería dun elegante cabaleiro que resultaba algo así como entre cómico e risíbel.

Ai, Montenegro!, Montenegro, como bo fidalgo que es non quixeches nunca ser escribente nunha oficina ou pasante de procurador porque cada un "ha nacido para lo que ha nacido" e prefires sufrir a indixencia antes que aceptar calquera traballo, pero sempre soñando na posibilidade de recuperar a túa riqueza. Iso si, peiteando sempre a túa barba, vestíndote de negro e comendo algunhas coles ou patacas condimentadas con auga e sal, sempre isto antes que traballar, para iso es fidalgo. Bendito ti, Montenegro, que nunca te aviñeches a ningún traballo ou oficio que supuxese suor porque ti naciches para non dar pancada debido a que ese sangue que corre polas túas veas é sangue nobre e ata de agora, aínda que es indixente, tes orgullo e dignidade. Algúns veciños, ao verte así, queren agasallarte cunha levita vella ou con camisas cheas de zurcidos, pero ti rexéitalos e queres mellor seguir coa túa roupa que se cae de vella.

Os teus amigos han ser coma ti, dona Isabel Salgado y Peñaranda e Don Braulio, tamén pobres, pero non tanto coma ti que tes unhas botas cuarteadas e despezadas ríndose por diante e deixando ver a lingua dos teus pés e os dentes das dedas embutidas no que queda duns calcetíns de la branca cheos de zurcidos. Remataches toleando por Julia que ri dos teus zapatos, aínda que

ela fose a filla do zapateiro do teu pai, agora é unha muller rica que te humilla ao non querer bailar contigo por ter os teus zapatos desa forma. Humillación que senten ademais dona Isabel e don Braulio e que tratan de reparar e reparan debido a que un sobriño deste último morre solteiro nas Américas deixando unha fortuna de un millón e medio de réais, cantidade que é suficiente para enganar a Montenegro inventándolle que é un legado proveniente dunha debeda de trinta mil pesos que un usureiro tiña contraída con seus avós e que doa don Braulio, dispendiador de oficio e sempre sen beneficio.

Montenegro, vas aparecer no faladoiro do pobo, ben vestido e elegante cabaleiro perfumado e irrecoñecíbel para as damas que recibiron máis de dez cartas de amor feitas por dona Isabel e don Braulio e por iso todas queren bailar contigo porque agora es un fidalgo, mais Montenegro toleou e agora, xa fóra do faladoiro, andas arrincando a barba e o pelo pensando que era ouro e repartíndoos entre os participantes dos faladoiros porque o fidalgo toleou, andou errante de cidade en cidade, descalzo e nu, esnaquizando o seu corpo contra as paredes ata que un día o atoparon morto no camiño real, cos pés escachizados, o peito inchado e a boca chea de sangue escumosa. O pobre ía deixando o seu traxe e o seu ser que repartía en pedazos entre os indixentes, desgarrando o seu corpo e os seus cabelos dicindo que era ouro, que o apañasen e fosen felices co reparto.